

ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOC. SER, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “XORNADAS DE SILVOPASTOREO E DESENVOLVEMENTO RURAL O QUE NON ARDE” NA ANUALIDADE 2021

(APROBADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2021)

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don Oliver Laxe Coro, con DNI 46909757S, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Asoc. Ser, con NIF G27498211, e con sede social en Lugar de Vilela, 2, Casa de Quindós, en Navia de Suarna, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa dona María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

EXPOÑEN

Primeiro.- O 13 de xullo de 2021, asinouse o convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asoc. Ser, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Xornadas de silvopastoreo e desenvolvemento rural *O que non arde*”.

Segundo.- A cláusula segunda (Orzamento de execución da actuación subvencionada) establece o seguinte:

*“O orzamento inicialmente previsto de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 7.375 €.
(...)”*

Terceiro.- Consente á cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) do dito convenio:

“Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- *Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 7.000 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.*

	IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Fecha y Hora	26/10/2021 12:19:01
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	MÓNICA FREIRE RANCAÑO		
Firmado por	OLIVER LAXE CORO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Página	1/4



(...)."

Cuarto.- Pola súa banda, a cláusula adicional primeira (Anticipo) prevé que:

"A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 3.500 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

(...)."

Quinto.- Ao abeiro do disposto no último parágrafo da súa cláusula décimo cuarta, D. Oliver Laxe Coro, en nome e representación da Asoc. Ser, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 25 de agosto de 2021 (RE nº: 2021RT013437), escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación de procedemento de modificación das cláusulas segunda e terceira do citado convenio, no relativo ao orzamento inicialmente previsto para a execución da actuación subvencionada e ao importe do compromiso económico asumido pola Deputación coa súa sinatura, respectivamente.

Sexto.- Tramitada a dita solicitude, a Presidencia da Deputación de Lugo resolveu, o 25 de outubro de 2021, aprobar a modificación do convenio nos termos desta addenda, así como o gasto derivado da citada modificación.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio canalizador da subvención de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Modifícase a cláusula segunda (Orzamento de execución da actuación subvencionada) do convenio de referencia, que queda redactada do seguinte xeito:

O orzamento inicialmente previsto de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 9.183,95 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Segunda.- Modifícase a cláusula terceira (Achegas e compromisos das partes), a teor do seguinte texto:

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 8.724,75 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

	IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Fecha y Hora	26/10/2021 12:19:01	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	MÓNICA FREIRE RANCAÑO			
Firmado por	OLIVER LAXE CORO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Página	2/4	

- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitálos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo ao establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Terceira.- Finalmente, modifícase a cláusula adicional primeira (Anticipos), que queda redactada como segue:

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 4.362,37 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando solicitaran a declaración de concurso voluntario, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estiveran suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

	IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Fecha y Hora	26/10/2021 12:19:01	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	MÓNICA FREIRE RANCAÑO			
Firmado por	OLIVER LAXE CORO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Página	3/4	

1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

O centro xestor deberá achegar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 4 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretaria dou fe

“O PRESIDENTE,
 P.D. Decreto do 15/10/2019
 A deputada delegada da Área de
 Medio Rural e do Mar, e Mocidade

O presidente da Asoc. Ser

Mónica Freire Rancaño”

Oliver Laxe Coro

A SECRETARIA XERAL

María Esther Álvarez Martínez

	IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Fecha y Hora	26/10/2021 12:19:01	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	MÓNICA FREIRE RANCAÑO			
Firmado por	OLIVER LAXE CORO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7F63CP2FWC3DF7AF75N52AAU	Página	4/4	